

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMUN DE ATIOS, CELEBRADA O DIA CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO (05-04-2025)

Asistencia dos/as membros da xunta reitora da CMVMC de Atios:

Presidente: Juan José Pereira Pereira

Xunta Reitora:

Santiago Ramilo Rodríguez

David Estévez Martínez

Ramón Giráldez Varela

Juan José Domínguez Pereira

José Ramón Pérez Solleiro

Manuel Veiga Maceira

Miguel Maceira Maquieira

Ceferino Pereira Ambrosio

Rubén Mera Varela

Francisco Javier Hernández Santos

José Carlos Alonso Rodríguez

José Manuel Figueroa Villaverde

Actúa como secretaria: M^a del Carmen Pereira Pereira

Apertura da sesión. Na parroquia de Atios, sendo as vinte horas e trinta minutos (20:30) do cinco de abril de dous mil vinte e cinco (05-04-2025), réunese no Salón do Centro Social e Cultural en segunda convocatoria, non facéndoo na primeira por non reunir o quórum esixido polos Estatutos, baixo a Presidencia de Juan José Pereira Pereira e coa asistencia dos demais membros da Xunta Reitora, coa única e exclusiva finalidade de celebrar a Asemblea Xeral Ordinaria para a que previa e regulamentariamente foron convocados de conformidade cos Estatutos da Comunidade.

Asistencia. Concorren á presente os/as señores/as membros que legalmente compoñen esta Comunidade e que previamente realizado o reconto de asistencias desglosase como segue:

Número de comuneiros/as activos/as ó comezo da Asemblea: **274**

Número de asistencias de comuneiros/as á Asemblea: **87**

Número de ausencias de comuneiros/as á Asemblea: **187**

Número de ausencias de comuneiros/as á Asemblea con xustificación: **0**

Número de altas: **4**

Número de baixas: **4**

Número de comuneiros/as activos/as ó remate da Asemblea: **274**

Adxúntase á presente acta a lista de comuneiros/as.

ORDE DO DÍA.

1. Lectura da acta anterior.
2. Situación económica a 31/12/2024
3. Orzamentos exercicio 2025.
4. Informes
5. Altas e baixas
6. Rogos e preguntas.

1. LECTURA DA ACTA ANTERIOR.

A secretaria procede a lectura da acta da asemblea anterior celebrada o día 9 de novembro de 2024. Rematada a lectura non se producen intervencións. É sometida a votación co seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, queda aprobada por unanimidade.**

2. SITUACIÓN ECONÓMICA A 31/12/2024.

O presidente cede a palabra ó tesoureiro da comunidade para que dea lectura ao balance económico do exercizo pasado.

SITUACIÓN ECONÓMICA:

INGRESOS TOTAIS:

	565.123,94€
1. CORTAS	26.741,68€
1.1. Cortas de madeira	23.876,50€
1.2. Ive cortas de madeira	2.865,18€
2. ARRENDAMENTOS PARCELAS DE MONTE	32.879,19€
2.1. Cesión da pista de karts	13.769,04€
2.2. Cesión da pista de minimotos	5.110,08€
2.3. Alugueiro cafetería centro cultural	2.295,00€
2.4. Cabaleiro Nogueira, s.l.	2.778,45€
2.5. Construcciones Fечи, S.L.U.	2.423,68€
2.6. Narom, S.L.	6.502,94€
3. CANON CANTEIRAS CARRASCAL E LAXEDO	356.390,66€
3.1. Lemmar Granite, S.L.	40.539,49€
3.2. Francisco Lemos Romero, S.L.	36.288,97€
3.3. Resmine, S.L.	40.592,20€
3.4. Blockdegal, S.A.	22.004,39€
3.5. Cabaleiro Nogueira, S.L.	24.287,01€
3.6. Marcelino Martinez, S.L.U.	16.915,36€
3.7. Hormigones Valle Miñor, S.A.U.	19.764,64€
3.8. Contrucciones Fечи, S.L.U.	55.481,41€
3.9. Granitos y Aridos de Atios, S.L.	83.522,03€
3.10. Grupo Ingemar, S.L.	16.995,16€
4. OUTROS INGRESOS	1.449,01€
5. SALDO TESOURERIA BANCOS A 31/12/2023	147.663,40€

GASTOS E INVESTIMENTOS:

	517.717,18€
1.OBRAS PARROQUIAIS	173.570,38€
1.2. Obra Albarín	2.597,07€
1.3. Obra Monte Pereiro-Cataboi	7.816,60€
1.4. Centro social e cultural	29.250,60€
1.5. Obra planta baixa-soto c.s.c.	88.107,68€
1.6. Obra auditorio casa cultural	1.254,00€
1.7. Obra área recreativa A Veiguiña	16.508,25€
1.8. Obra área do Carbón	26.150,82€
1.9. Carteis e papeleras	1.885,36€
2.TRABALLOS NO MONTE	56.697,29€
2.1. Reparación, conserv. e adquis.maq.forestal e ferram.	1.799,50€
2.2. Combustible e lubricantes maquinaria forestal	1.358,01€
2.3. Traballos e tratamentos silvícolas	38.269,76€
2.4. Servizo tratamentos e recollida lixo	1.408,11€

2.5. Traballos plantación	122,21€
2.6. Amolloamento monte	11.797,50€
2.7. Roxo-colexio	1.300,75€
2.8. Permisos corta	641,45€
3. SERVIZOS PROFESIONAIS	72.439,48€
3.1. Servizos xurídicos-abogados (igualada)	5.642,55€
3.2. Asistencia técnica-admva.comunidade (Inagal)	5.109,94€
3.3. Asistencia laboral (afg)	1.350,25€
3.4. Asistencia contable (afg): servizo contable + registro Libros	2.028,67€
3.5. Planificación técnica, valoración madeira (Selga) e permisos corta-hidrográfica	1.206,03€
3.6. Permisos Monte Pereiro	275,60€
3.7. Informes y medicións parcelas	726,00€
3.8. Burofax	34,40€
3.9. Primas éxito canteiras – abogados	48.400,00€
3.10. Costas reivind. canteras – apelación	6.924,15€
3.11. Proceso canteira Marcelino Mtnez -Rape	741,89€
4. PERSOAL	90.235,63€
4.1. Soldos, salarios e asimilados	63.279,63€
4.2. Cargas sociais (seg.soc.)	21.201,21€
4.3. Retencións persoal (IRPF)	3.732,96€
4.4. Mutualidade – serv.prev.e riscos labor.	694,96€
4.5. Material seguridade (EPI'S)	1.066,87€
4.6. Gratificacións do nadal-persoal	260,00€
5. ADMINISTRACIÓN	86.157,73€
5.1. Teléfonos móbiles	403,06€
5.2. Enerxía e electricidade	2.592,47€
5.3. Páxina web (actualizacións e manetenem. anual)	254,40€
5.4. Oficina-papelería-correspondencia	160,51€
5.5. Asembleas xerais	80,00€
5.6. Impostos estatais (ive e outros)	67.110,39€
5.7. Seguros responsabilidade civil (r.c.)	1.672,65€
5.8. Seguro casa cultural	1.526,71€
5.9. Mantemento e reparación ascensor	1.613,17€
5.10. Alarma centro social	299,20€
5.11. Informatica	450,53€
5.12. Calendarios	740,52€
5.13. Mobiliario	763,50€
5.14. Revisión extintores	91,33€
5.15. Tributos (IBI parcelas monte-recollida lixo)	8.399,29€
6 CULTURA, DEPORTE E EVENTOS SOCIAIS	29.187,91€
6.1. AA.CC."Os Penediños"	10.000,00€
6.2. Club fútbol U.D.Atios	8.000,00€
6.3. Festa do monte	8.380,91€
6.4. Actividades forestais-micolóxicas (setas-poda-inxertos)	895,00€
6.5. Prensa comunidade	312,00€
6.6. Rondalla Atios	1.300,00€
6.7. Outras axudas	300,00€
7. LOCOMOCIÓN	6.958,78€
7.1. Combustible	2.173,66€
7.2. Reparacións e mantemento	2.537,52€
7.3. Taxas e impostos (oral)	42,28€
7.4. Seguro vehículo comunidade	1.273,35€
7.5. Inspección vehículo (itv)	99,08€
7.6. Aluguer vehículo	832,89€

8. OUTROS GASTOS	2.469,98€
8.1. Representación-campaña v.c.c. incendios	150,60€
8.2. Outros	2319,38€

RESULTADO EJERCICIO A 31-12-24 **47.406,76€**

Sométese á votación a situación económica a 31 de decembro de 2024. Obtense o seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, queda aprobada por unanimidade.**

3. ORZAMENTOS EJERCICIO 2025.

A continuación o presidente cede a palabra ao vicesoureiro para presentar os orzamentos para o ano 2025, desglosado como segue:

INGRESOS TOTAIS: **481.370,76€**

1. CORTAS

Este ano non se contemplan facer cortas

2. ARRENDAMENTOS PARCELAS DE MONTE **42.167,75€**

2.1. Cesión da pista de karts	13.769,04€
2.2. Cesión da pista de minimotos	3.832,56€
2.3. Alugueiro cafetería centro cultural	3.157,92€
2.4. Cabaleiro Nogueira, s.l.	2.856,25€
2.5. Construcciones Fechi, s.l.u.	1.299,28€
2.6. Construcciones Fechi, s.l.u.	10.500,00€
2.7. Narom, s.l.	6.752,70€

3. CANON CANTEIRAS CARRASCAL E LAXEDO **279.290,27€**

3.1. Lemmar Granite, S.L.	32.784,72€
3.2. Francisco Lemos Romero, S.L.	37.416,09€
3.3. Resmine, S.L.	30.444,15€
3.4. Blockdegal, S.A.	17.158,86€
3.5. Cabaleiro Nogueira, S.L.	18.867,09€
3.6. Marcelino Martinez, S.L.U.	12.686,52€
3.7. Hormigones Valle Miñor, S.A.U.	14.886,57€
3.8. Contrucciones Fechi, S.L.U.	42.146,72€
3.9. Granitos y Aridos de Atios, S.L.	64.401,96€
3.10. Grupo Ingemar, S.L.	8.497,59€

4. ATRASOS CANTEIRAS 2024 (facturación 4º T) **112.505,98€**

5. SALDO TESOURERIA BANCOS A 31/12/2024 **47.406,76€**

GASTOS E INVESTIMENTOS: **459.342,14€**

1.OBRAS PARROQUIAIS **146.392,14€**

1.1. Centro Cultural (tellado + limpeza)	20.000,00€
1.2. Obra Roupeiro	52.192,14€
1.3. Acometida auga Centro Social c. incendios	3.700,00€
1.4. Carbón (fonte)	3.000,00€
1.5. Área da Veiguiña	15.500,00€
1.6. Obra Monte Pereiro-Cataboi	15.000,00€
1.7. Campo de tiro	6.000,00€
1.8. Área do Pumariño	20.000,00€
1.9. Peche baldío Vilafría	1.000,00€
1.10. Outras obras	10.000,00€

2.TRABALLOS NO MONTE **50.900,00€**

2.1. Permisos corta	500,00€
---------------------	---------

2.2. Tratamentos silvícolas (zona campo de tiro)	15.000,00€
2.3. Planta	11.000,00€
2.4. Reparacións e compra maquinaria forestal	1.500,00€
2.5. Combustible e lubricantes maquinaria forestal	1.400,00€
2.6. Traballos prevención e defensa incendios	1.500,00€
2.7. Pistas forestais (Roupeiro + A Sobreira + Carbón)	4.000,00€
2.8. Amolloamento deslinde do monte	6.000,00€
2.9. Sinalización (muiños, presas, fontes)	2.000,00€
2.10. Campo de tiro (demolición e acondic. plantación)	6.000,00€
2.11. Acondicionar terreo Roxo	1.000,00€
2.12. Muiños (Portas)	1.000,00€
3. SERVIZOS PROFESIONAIS	23.900,00€
3.1. Servizos xurídicos	6.000,00€
3.2. Prima de éxito preito das canteiras	7.500,00€
3.3. Asistencia técnica forestal	3.000,00€
3.4. Servicio forestal (AFG)	1.400,00€
3.5. Servicio contable (AFG)	2.000,00€
3.6. Preito desafiuzamento Instalauto	3.000,00€
3.7. Procuradores	1.000,00€
4. PERSOAL	93.000,00€
4.1. Soldos, salarios e asimilados	65.000,00€
4.2. Cargas sociais (seg.soc.)	22.000,00€
4.3. Retencións (irpf)	4.000,00€
4.4. Mutualidade – serv.prev.e riscos labor.	700,00€
4.5. Material seguridade (epi's)	1.000,00€
4.6. Gratificacións nadal	300,00€
5. ADMINISTRACIÓN	87.990,00€
5.1. Comunicacións	400,00€
5.2. Enerxía e electricidade	2.600,00€
5.3. Impostos estatais (ive)	70.000,00€
5.4. Oficina-papelería-correspondencia	150,00€
5.5. Asembleas xerais	100,00€
5.6. Páxina web “Pedraquefala”	250,00€
5.7. Cuota AFG	300,00€
5.8. Seguros responsabilidade civil (r.c.)	3.000,00€
5.9. Mantemento ascensor Casa Cultural	1.600,00€
5.10. Alarma Centro social	300,00€
5.11. Seguro Centro Social e Cultural	1.500,00€
5.12. Calendarios	800,00€
5.13. Informatica	900,00€
5.14. Tributos (ibi)	6.000,00€
5.15. Extintores – revisión	90,00€
6 CULTURA, DEPORTE E EVENTOS SOCIAIS	48.150,00€
6.1. AA.CC."Os Penediños"	8.000,00€
6.2. Club fútbol U.D.Atios	8.000,00€
6.3. Rondalla	8.000,00€
6.4. Festa do monte	8.000,00€
6.5. ANPA	1.500,00€
6.6. Xornal galego NÓS DIARIO	350,00€
6.7. Excursión	13.000,00€
6.8. Actividades micolóxicas	1.000,00€
6.9. Outras axudas	300,00€
7. LOCOMOCIÓN	6.310,00€
7.1. Combustible	2.200,00€
7.2. Reparacións e mantemento	2.600,00€
7.3. Taxas e impostos (oral)	50,00€

7.4. Seguro vehículo comunidade	700,00€
7.5. Inspección vehículo (itv)	60,00€
7.6. Aluguer vehículo	700,00€
8. OUTROS GASTOS	2.700,00€
8.1. Gastos finaceiros	200,00€
8.2. Representación-campaña incendios	2.500,00€

RESULTADO PREVISTO PARA 31-12-25 **22.028,62€**

Sométense á votación os orzamentos para o ano 2025 e obtense o seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, quedan aprobados por unanimidade.**

Unha vez aprobados, a asemblea faculta á xunta reitora e ao seu presidente a tramitar todas aquelas axudas e subvencións que sexa preciso solicitar para dar cumprimento aos orzamentos.

O resultado fiscal do ano 2024 que non se houbera destinado no propio exercicio á realización de traballos no monte e obras de interese social, destinarase a eses mesmos usos ao longo dos próximos catro exercicios, segundo o establecido no Réxime especial das comunidades de montes do imposto de sociedades.

4. INFORMES.

1) Traballos no monte.

Corta do Roupeiro. Cortouse máis ou menos a metade do lote, xa que a empresa parou os traballos debido ao mal tempo. A comunidade acometeu cos seus propios medios a limpeza e roza de toda a ladeira. Un traballo complicado pola orografía do terreo. Plantáronse máis de 500 árbores, a maioría cerdeiras, pero tamén abeleiras e ameixeiras. A intención é eliminar o eucalipto e o piñeiro neste rodal, atravesado polo regato de Brais, reforestalo con frondosas para que actúe como cortalumes natural.

Plantación no campo de tiro. Contratouse a unha empresa de demolicións para derrubar e retirar a estrutura de formigón e metálica do antigo campo de tiro. Acondicionouse o terreo e plantáronse arredor dun cento de árbores: castiñeiros na zona central, para delimitar os aparcamentos, e froiteiras no perímetro (maceiras, pexegueiros, ameixeiras, etc.).

Plantación no Roxo. Unha vez que se retirou o piñeiro que había nesa parte do monte do Roxo, detrás do colexio, desmontamos parte da escombreira da antiga canteira e tapámola con terra. Fíxose unha plantación de diversas froiteiras como actividade ambiental para os alumnos do colexio público de Atios. Un xeito de implicar a cativada no traballo e coidado do monte.

Plantacións e traballos varios no monte. Na subida cara a área da Veiguiña plantáronse castiñeiros á cada marxe do camiño, a modo de cortalumes e paseo de frondosas. No aparcamento habilitado onde está a estación meteorolóxica cambiouse o roble americano por plátanos de sombra, xa que secaron algúns exemplares por exceso de auga. No parque do Carbón cortáronse os piñeiros de gran tamaño máis próximos ás casas e plantáronse no lugar arces e froiteiras.

Outros traballos no monte: limpeza na zona do Chan da Beillada onde houbera un rodal de eucalipto nitens, roza e clareo na estrema co monte comunal da Picoña. Ademais do mantemento dos chans comunais dentro da parroquia.

2) Obras no Roupeiro.

Foi un compromiso cos veciños do barrio de Alvarín o acondicionamento do recinto de cara a festa de San Benito. Renovouse o asfalto de todo o campo da festa, púxose un bordillo para delimitar o torreiro, colocáronse dúas columnas para abrir un acceso lateral. Na parte de abaixo do palco arranxouse a tubaxe de saneamento dos baños, ampliouse a terraza, instalouse unha mesa nova de pedra e adecentouse a entrada para o campo de fútbol. A obra total roldou os 52.000€.

3) Parque forestal no Pumariño

Actuaremos nas zonas nas que podemos actuar, seguindo o deseño que se amosa á asemblea. Faremos un bosque autóctono detrás da grada. Tamén temos un proxecto para a zona fluvial, que inclúe a mellora do buzo da presa, a colocación dunha escaleira e dunha ponte, o acondicionamento do noiro e a apertura dun sendeiro dende a presa ata o camiño de Novás. Hai fincas que se compraron no seu día pero aínda non están a nome da comunidade e temos que ver a posibilidade de comprar algunha finca para logo poder permutar.

4) Canteira do Couto.

O empresario, veciño de Atios, que no seu día explotou a canteira do Couto, quere agrupar ás súas propiedades nesa zona, algunhas foran adquiridas a particulares, e a parcela resultante pretende inscribila no rexistro. A comunidade tivo coñecemento do expediente aberto no Rexistro da Propiedade de Tui e presentou alegacións, xa que incluía como propiedade privada unha porción considerable de monte comunal. Ademais do anaco da canteira Couto nº 11 recoñecida por sentenza, aprópiase dun terreo que forma parte do límite histórico do monte Carrascal e Laxedo. Levantaremos un plano da zona e darémoslle as coordenadas do límite do monte comunal, para que inscriba só o que é lexítimamente seu. Ao parecer úrxelle a inscrición porque o empresario ten un precontrato cunha compañía para a instalación de baterías para almacenar electricidade.

5) Débeda do concello.

O último que temos sobre este asunto é un escrito da secretaria do xulgado no que di que o concello presentou unha alegación, porque non estaba conforme coas cifras que nós reclamamos. O concello presentou outras moi distintas. O único que falta é que a xuíza determine quen ten a razón.

Pregunta Jesús Pereira que imos facer coa canteira de Ferro. O presidente responde que Pocasa non completou a restauración, así que presentamos un escrito en Minas para que non lle caducase a concesión mentras non acometesen a reforestación do terreo e se dea por realizada a restauración. Falamos con Pocasa, que mandou rozar a parcela, pero aínda non plantaron. Ademais hai que resolver a ocupación que fai Noli diante do seu taller, pero por agora a canteira aínda a ten Pocasa.

Pregunta Francisco Novás por que nos orzamentos non figura ningunha partida de subvención, cando hai bastantes para poder optar a elas. O presidente responde que a solicitude de subvencións implica facer un investimento previo, contratar proxectos e é mover bastante papeleo, ademais de que nalgúns casos hai que contar con superficie doutras comunidades para cumprir os requisitos. A verdade é que no seu día sí se pedían. Agora, mentras poidamos, non recurrimos a elas.

5. ALTAS E BAIXAS

Altas

Nº 0572_Paula Mera Varela_DNI_76903823B
Nº 0573_Mónica Bugarín Ramilo_DNI_76896279B
Nº 0574_Pablo Ramilo Giráldez_DNI_35638784P
Nº 0575_Alba Bacelo Pereira_DNI_35578454F

Baixa voluntaria

Nº 0164_José Pereira Sánchez_DNI_35525260N

Baixas por defunción

Nº 0010_Manuel Bernardez Pumar_DNI_35519798R
Nº 0162_Manuel Pereira Ramilo_DNI_35529940T
Nº 0370_Cándido Alonso Campo_DNI_35993284D

6. ROGOS E PREGUNTAS

Eliseo Álvarez fai un rogo para que a comunidade faga un traballo de recuperación das fontes que hai na parroquia. Di que é unha mágoa ver como están algunhas, mentres os veciños de Atios van ao Porriño buscar auga, tendo aquí tan bos mananciais.

Manuel Martínez solicita o arranxo do camiño da Sobreira, sobre todo no treito dende a casa de René ata Vilaverde. O presidente comenta que está proxectado anchar unha vella pista forestal que percorre o trazado da antiga traída do Oitabén, e que se podería aproveitar para arranxar ese camiño da Sobreira.

Non habendo máis intervencións o presidente da por concluída a asemblea ordinaria sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos (22:25) do 5 de abril de 2025. De todo o cal eu, como secretaria, dou fe.

Vº e praxe do Presidente
Asdo. Juan José Pereira Pereira

A secretaria
Asdo. M^a del Carmen Pereira Pereira